



## DO PRUDENTE SABER & O MÁXIMO POSIBLE DE SABOR

É un concurso que premiará ao orixinal seleccionado, coa edición de obra en papel de calidade e ao proxecto de colaboración autoral-editorial, cunha estadía de dúas semanas (50 h.) no taller, que inclúe a asistencia técnica, estampa e materiais.

Crease co propósito de valorar e expandir a técnica serigráfica como medio de creación, experimentación e edición. Aspira a difundir orixinais múltiples e procesos creativos. Promove relacións colaborativas entre autor\*s e editora, dando cabida ás tendencias contemporáneas da imaxe impresa, donde as cualidades expresivas do estampado poden ser momento ou elemento dun percorrido artístico pluridisciplinar e máis polimorfo.

Nesta 2ª edición, festexamos os 18 anos do taller, gracias á colaboración dun xurado Sapiente que integran: Alba Pardo [EMAO, Serigrafía Artística], Asunta Rodríguez [Galería Trinta], Mauro Trastoy [artista, gañador 1ª edición, Miguel Anxo Rodríguez [USC], Natalia Poncela [Crítica Independente], Uqui Permui [Deseñadora gráfica], e Teófila Ruiz K, directora de Do Paraná e creadora do proxecto... entre outras colaboracións.

### BASES DE PARTICIPACIÓN

1. Porán optar ao premio \*s interesad\*s no ámbito da edición de arte, libro de artista, poesía, ilustración, deseño gráfico e de produto, artesanía, téxtil de autor\*, instalación... que presenten orixinais editables a través da técnica serigráfica. É condición indispensable que os orixinais non teñan sido presentados previamente a outros certames, en espera de resolución. Rógase estar presente o día da entrega do premio, para a numeración e firma da edición.
2. Podese participar en calquera das dúas categorías (Saber e Sabor) ou en ambas. O premio outorgarase a 1 participante por categoría.
3. DOSSIER: L\*s interesad\*s presentarán: A) FICHA DE INSCRIPCIÓN debidamente cuberta; B) FICHA OBRA por cada unha das obras postuladas, sen limitación no número de orixinais por autor\*; C) AUTORIZACIÓN de publicación de imaxes debidamente asinada; D) ORIXINAIS, cunha imaxe de referencia.
4. Toda a documentación enviarase a Do Paraná, Espazo Serigráfico, info@doparana.com indicando en asunto "Premio DO PRUDENTE SABER & O MÁXIMO POSIBLE DE SABOR", Categoría elexida, nome e apelido.
5. O prazo de admisión de orixinais e proxecto será o **4 de outubro de 2023**.
6. O xurado está constituído por recoñecidos profesionais nos seus ámbitos de actuación.
7. Actuará en pleno, en sesión a ser posible única. As deliberacións serán secretas e delas redactarase a acta correspondente.
8. O fallo do xurado darase a conocer na páxina web de Do Paraná <https://doparana.com> e na súa páxina de Facebook <https://www.facebook.com/doparana.serigrafia>
9. A notificación a\*s ganador\*s será mediante correo electrónico o **luns 9 de outubro**. A entrega de premios será a fins de mes no taller Do Paraná.
10. Os orixinais deberán reunir certas condicións técnicas:

#### PREMIO SABER PAPEL 3 TINTAS

ORIXINAL: a tres tintas (máximo) poderá propoñerse en distintos tamaños e formatos, pero as medidas do papel no excederán de 42 x 30 cm (horizontal ou vertical) e o tamaño da mancha impresa (final, 3 tintas) deberá prever como mínimo, 2 cm. de marxe por cada lado (base e altura). Se fora concibido a sangue, guillotinarase a edición, unha vez impresa. Si se proxecta con tintas transparentes, (non cubritivas) para lograr matices por sobreimpresión, deberá indicarse expresamente a orde de estampa das cores. O papel a estampar será branco, verxurado de 300 a 400 gramos.

EDICIÓN: A edición, que estará a cargo de Do Paraná, será de 50 exemplares e 5 P/A, numeradas e firmadas por el/a ganador/a en acto público. 45 exemplares entregaranse a-a autor/a. Os 10 restantes destinaranse: 2 ao taller, con destino aos fondos da súa colección; 1 exemplar para cada membro do xurado, 1 para Manifestempe, *Federación Nacional da Estampa de Francia* e os restantes para sortear entre a asistencia á entrega de premios. A/o participante seleccionada/o poderá asistir ao taller se o desexa, a consensuar probas de estampa e secuencia da estampación. También poderá preparar as súas propias cores.

#### FOTOLITOS

ORIXINAIS DIXITAIS (vectorizados, 2 cores/pantones e a tipografía trazada) enviaranse por mail: info@doparana.com xunto con todo o dossier.

ORIXINAIS AUTÓGRAFOS enviaranse por correo postal: Do Paraná, Espazo Serigráfico, rúa Ulla, 25 baixo, 15702 Santiago de Compostela, A Coruña, España (xunto con toda a documentación) ou entregaranse persoalmente no taller.

O soporte será acetato, poliéster ou papel cebola (vexetal) o máis fino posible para garantir a maior transparencia. Poderán realizarse con retocadores de negativos fotográficos analóxicos (opacadores), tinta chinesa ou Molotow/Rotring. Admitense recortes de cartulina negra e/ou vinilos autoadhesivos de cor oscura. É condición indispensable a maior opacidade.

#### PREMIO SABOR ESTADÍA | PROXECTO

Premiarase ao proxecto orixinal que permita un diálogo autoral-editorial e inclúa á serigrafía tradicional ou experimental, como parte substancial.

Formato: libre. A forma artística, de unha (rapport) ou varias pezas finais. Os soportes a estampar (providos polo-a autor-autora) deben ser planos. Poden ser teas, feltro, pel, cerámica, lienzos, madeira, metacrilato, goma eva, pvc, ademais de fotos, revistas...

Valorarase a súa conceptualización: libro de artista, collage, instalación, documentación en vídeo...

A-o participante seleccionada/o poderá asistir ol taller unhas 2-3 semanas (50 h, horarios a convir) para experimentar, aprender e co-producir. Dispondrá de todos os materiais do taller (tintas, aditivos, emulsión, pantallas, etc.) da maquinaria (insoladora, máquina plana con bomba de vacío, mesa de 3,40 metros, pulpo 6 tintas) e da asistencia técnica para estampar.

11. A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases, resolvindo a organización cantas cuestións poideran plantexarse e que non foran especificadas ou previstas nas mesmas.